



Programa PIALE. Plan de difusión.



◆ ¿Que é o programa PIALE?

Programa integral de aprendizaxe de linguas estranxeiras (PIALE)

Actividade de formación organizada pola Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria consistente en Itinerarios formativos para a mellora da competencia lingüística e comunicativa en lingua estranxeira do profesorado.

◆ **Obxectivos do programa:**

- Mellorar a competencia en comunicación lingüística do profesorado.
- Coñecer o sistema educativo noutros países de fala inglesa.
- Formar profesionais cualificados para impartir clases na rede de seccións bilingües e centros plurilingües.
- Actualización metodolóxica e compartir experiencias con outros profesionais da materia.

◆ **Destinatarios :**

Como norma xeral e dependendo das modalidades

- Profesorado especialista en inglés que estea a impartir ensinanzas de lingua estranxeira en educación infantil, primaria e secundaria;
- Profesorado especialista de francés e inglés;
- Profesorado AICLE/CLIL (de áreas, materias ou módulos non lingüísticos impartidos en inglés) de educación primaria, secundaria obrigatoria, de bacharelato ou de formación profesional, que estea a participar nos programas de seccións bilingües e/ou centros plurilingües.
- Profesorado non especialista, e profesorado que teña pensado impartir unha sección bilingüe.

◆ **Modalidades :**

1. Inmersión: Itinerario formativo en tres fases.

- 1) Curso de formación en inglés na Comunidade Autónoma de Galicia.
- 2) Inmersión no país falante da lingua estranxeira cunha duración de tres semanas.
- 3) Elaboración de materiais

2. Integración : Itinerario formativo en dúas fases.

- 1) programa de inmersión total en inglés ou portugués, consistente na integración na vida escolar, en centros escolares de Canadá ou Portugal durante catro semanas,
- 2) Elaboración dun plan de difusión da experiencia adquirida.

3. Cursos : Itinerario formativo en dúas fases.

- 1) Fase de formación: Curso de dúas semanas no Reino Unido, Francia, Portugal ou Alemaña.
- 2) Fase de elaboración de materiais.

Ligazón á convocatoria do PIALE 2015 publicada no DOG:

http://www.edu.xunta.es/portal/sites/web/files/protected/content_type/advertisement/2015/04/15/20150410_piale.pdf